



Inscrición exames presenciais CODIX

Deberá seleccionar unha única localidade, día e hora, sendo excluídas aquelas persoas que seleccionen máis dunha opción.

Tal e como recolle a base 4.6, unha vez remate o prazo de preinscripción, realizarase o sorteo público de extracción das letras para obtener a orde de prelación das persoas con dereito á matriculación, resultado que se publicará nesta web e por correo electrónico ás persoas que deben realizar o pagamento xunto coas instrucións para a súa realización.

[Enlace a web de inscrición](#)

Certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX)



A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia está a regular o proceso de obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, a través dun **mecanismo normalizado de certificación**, baseado tanto na formación como no proceso de acreditación destas competencias, que estea amparado pola lexislación vixente europea, estatal e autonómica e que sexa recoñecido e valorado tanto no ámbito público como no privado.

Por medio desta certificación, a persoa titular pode acreditar, ante as **instancias públicas ou privadas**, as súas competencias en tecnoloxías da información e as comunicacións en materia de ofimática.

Así, as certificacións, **coa vixencia que se determine**, poderanse valorar como mérito ou establecer como requisito de participación nos procesos de provisión de postos de traballo ou de selección de persoal e como base obxectiva para a promoción profesional, sempre de acordo cos termos que estableza a normativa reguladora da función pública da Xunta de Galicia.

Nota: Na aula CeMIT de Boiro van facerse titorías sobre o contido do exame os luns 24, 31 de outubro e 7 e 14 de novembro en horario de 19:30 a 21:30 horas para facilitar a resolución de dúbidas.



CeMIT